

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2020

1. Introducción

A Deputación de Pontevedra ten atribuídas pola Lei do deporte de Galicia as competencias de fomentar, promover e difundir o deporte na provincia; por iso, desde esta Administración débese facilitar a práctica da actividade física e deportiva, co principal obxectivo de mellorar a condición física e a ocupación activa do tempo de lecer.

A finalidade destas axudas é a promoción deportiva para o ano 2020, de maneira que contribúan á dinamización da provincia no ámbito deportivo.

O seu obxectivo principal é lograr unha programación deportiva durante o ano 2020 na provincia de Pontevedra, poñendo de relevancia o papel do deporte como impulsor do desenvolvemento social, indicador da calidade de vida, e como dinamizador do emprego e do crecemento sustentable do territorio e da súa sociedade.

Así mesmo, buscan acadar a implicación de todos os axentes sociais, económicos e institucionais da provincia de Pontevedra a través da posta en marcha de liñas de axuda que permitan definir o contido deportivo da provincia, desde unha perspectiva ampla, multidisciplinar, plural e diversa e, ao mesmo tempo, impulsar o desenvolvemento sustentable do territorio.

Para lograr estes obxectivos establécese unha convocatoria aberta con 3 liñas de axudas, dirixidas a entidades públicas sen ánimo de lucro para realizar accións de apoio aos campionatos ou copas e eventos deportivos na provincia de Pontevedra.

2. Financiamento

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 20/340.3410.489.04 do Orzamento da Deputación para o ano 2020 por un importe total de 25 0.000,00 euros.

A determinación da contía das subvencións farase en atención ás liñas establecidas e segundo os criterios de valoración destas bases.

Obxecto

O obxecto desta convocatoria é fixar as bases reguladoras das axudas en concorrencia para a organización de actividades deportivas no ano 2020, co obxectivo principal de lograr unha programación de actividades e campionatos deportivos para a promoción e potenciación da provincia de Pontevedra durante o ano 2020.

As competicións deportivas que teñan lugar na provincia de Pontevedra clasificaranse:

- a) Polo seu carácter: en competicións oficiais e competicións non oficiais
- b) Polo seu ámbito territorial: en competicións locais, provinciais, interprovinciais, autonómicas, estatais e internacionais
- c) Pola súa organización: en competicións federadas e non federadas

Os eventos deportivos serán aquelas actividades deportivas organizadas á marxe das federacións deportivas e do resto de organizadores de competicións oficiais. Con carácter xeral, teñen esta consideración os acontecementos circunstanciais e illados que sexan organizados con motivo dalgunha práctica deportiva recoñecida.

As actividades, eventos e campionatos deberanse desenvolver no territorio da provincia de Pontevedra.

As subvencións obxecto destas bases divídense en 3 categorías ou liñas, en atención ás actividades propostas.

Liña 1

Axudas para a realización de competicións oficiais de ámbito territorial estatal ou internacional, de carácter federado, coa denominación de campionato ou copa de España, de Europa ou do mundo.

Liñas 2 e 3

Axudas para a realización de competicións deportivas oficiais e non oficiais, de todos os ámbitos territoriais e de calquera carácter (federado ou non federado) ou eventos deportivos.

Non serán obxecto de subvención as actividades que estean subvencionadas noutras convocatorias deste organismo provincial.

Os campionatos, copas ou eventos deportivos débense desenvolver obrigatoriamente desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2020.

Non serán obxecto de subvención as propostas que non supoñan a realización de práctica deportiva; tampouco entrarán os campus deportivos ou multideportivos.

Segundo o acordo plenario número 15.6896, de 28 de decembro de 2016, a Deputación de Pontevedra non colaborará, patrocinará ou apoiará a realización de campionatos de tiro ao pombiño por consideralos actos de crueldade contra os animais.

Así mesmo, non será obxecto de subvención ningunha actividade que poida implicar calquera tipo de malos tratos aos animais.

3. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das subvencións levarase a cabo en réxime de concorrència. En ningún caso a suma total de axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases. O proceso de concesión será o seguinte:

Liña 1

- 1) Inicialmente asignaranse as axudas para a realización de campionatos ou copas do mundo, de maior a menor puntuación. No caso de que o crédito dispoñible fose insuficiente para poder outorgar o importe íntegro das axudas de campionato ou copa do mundo procederase a un rateo proporcional entre os importes iniciais ata cubrir o crédito dispoñible; non será posible conceder axudas para a realización doutros campionatos
- 2) Se existise crédito asignaranse as axudas para a realización de campionatos ou copas de Europa, tamén de acordo co mesmo baremo, e procederase a confirmar os importes igual que coas axudas para os campionatos ou copas do mundo, detallado no apartado anterior. No caso de que o crédito dispoñible fose insuficiente para poder outorgar o importe íntegro das axudas de campionato ou copa de Europa procederase a un rateo proporcional entre os importes iniciais ata cubrir o crédito dispoñible; non será posible conceder axudas para a realización doutros campionatos
- 3) Se existise crédito asignaranse as axudas para a realización de campionatos ou copas de España, tamén de acordo co mesmo baremo, e procederase a confirmar os importes igual que coas axudas para os campionatos ou copas do mundo e Europa, detallado nos apartados anteriores. No caso de que o crédito dispoñible fose insuficiente para poder outorgar o importe íntegro das axudas de campionato ou copa de España procederase a un rateo proporcional entre os importes iniciais ata cubrir o crédito dispoñible

Liñas 2 e 3

Inicialmente asignaranse as axudas para a realización de campionatos, copas ou eventos deportivos de maior puntuación, asignando o resto de niveis ata cubrir o crédito dispoñible para cada unha das liñas. Se non existise crédito dispoñible quedarían sen asignación os niveis correspondentes.

4. Entidades beneficiarias

Poderán participar nesta convocatoria as entidades deportivas sen ánimo de lucro con domicilio social na provincia de Pontevedra e as federacións deportivas galegas.

Todas as entidades deportivas deben estar inscritas no Rexistro de entidades deportivas da Secretaría Xeral para o Deporte.

Todos os campionatos ou eventos deportivos deben desenvolverse no ámbito territorial da provincia de Pontevedra.

Non poderán beneficiarse as persoas ou entidades nas que se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG). A acreditación de non estar incursas nas devanditas prohibicións realizarase mediante a declaración responsable das entidades solicitantes; no caso das agrupacións deberase presentar a declaración por cada unha das persoas ou entidades agrupadas.

Todas as persoas solicitantes deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación, así como non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa Deputación.

Non poderán beneficiarse destas subvencións as entidades que teñan pendentes de xustificar axudas concedidas no exercicio anterior no mesmo programa.

5. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

No caso de presentar a solicitude de forma presencial requirirase a súa emenda mediante a presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizou a emenda.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

6. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

7. Documentación

As entidades solicitantes deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- 1) Proxecto deportivo do campionato, copa ou evento deportivo no que se inclúa unha definición exacta do proxecto ou actuación que se vai realizar; obrigatoriamente deberá conter a xustificación dos aspectos puntuables en relación con cada un dos criterios de valoración, así como, no seu caso, a documentación acreditativa correspondente pola federación

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexar a copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerárase como data de presentación aquela en a que se realizou a emenda.

8. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- NIF das persoas xurídicas solicitantes
- DNI ou NIE da persoa representante legal do club ou entidade
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA)
- Certificado de estar ao corrente do pagamento da Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente coa Deputación Provincial

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

9. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán efectuarse electronicamente a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

No caso de que a solicitude non reúna os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada que, no prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, de non o facer, se entenderá por desistida a súa petición, que se arquivará sen máis trámites.

10. Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da finalidade subvencionada e se realicen no prazo establecido.

Serán os seguintes:

- ✓ Gastos de seguros deportivos e outros seguros contratados relacionados coa actividade subvencionada
- ✓ Gastos de canon ou taxas para a realización do campionato
- ✓ Gastos de arbitaxes ou contratación de xuízas e xuíces
- ✓ Gastos de alugueiro de equipamentos, material deportivo, instalacións e espazos deportivos
- ✓ Gasto de aloxamento, desprazamento ou manutención para a asistencia á actividade ou evento deportivo das e dos participantes, adestradores, delegados, sanitarios, árbitros e xuíces
- ✓ Gasto de avituallamento para as e os participantes na actividade
- ✓ Gasto de material deportivo non inventariable para a realización do campionato ou evento deportivo
- ✓ Gastos relacionados co servizo sanitario para o campionato ou evento
- ✓ Gastos derivados da contratación de persoal, incluídos salarios, cotas da Seguridade Social e retencións do IRPF practicadas para a realización do campionato ou evento deportivo
- ✓ Gastos relacionados con servizos contratados para a planificación ou desenvolvemento do campionato ou do evento deportivo

Non terá a condición de gasto subvencionable ningún que non sexa específico para os días nos que se realice a actividade, soamente aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e sexan directamente imputables a esta.

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial e, con carácter xeral, non se admitirán como válidos os xustificandos referidos a alimentos e bebidas, a excepción do avituallamento e mantemento das persoas participantes.

Non se admitirán como válidas as facturas de material deportivo inventariable nin os gastos que non sexan específicos da actividade subvencionada.

11. Liñas de axudas

Establécense 3 liñas de axudas, que se axustan ás seguintes regras:

A liña 1 da subvención establecerase da seguinte maneira:

Á liña 1 só se poderán presentar as entidades deportivas sen ánimo de lucro para a realización de competicións oficiais de ámbito estatal ou internacional con denominación de campionato ou copa do mundo, de Europa ou de España.

Para que unha proba deportiva sexa considerada como campionato do mundo, de Europa ou de España será necesario que teña a denominación de copa ou campionato da correspondente federación deportiva nacional ou internacional, e que figure nos calendarios oficiais. Para esta liña é posible presentar máis dunha solicitude por entidade pero non se poderá solicitar máis dunha solicitude por tipo de campionato ou copa.

Na liña 1, segundo a súa denominación (campionato ou copa do mundo, de Europa ou de España) e a puntuación obtida en cada categoría baseada na aplicación dos criterios de valoración establecidos nestas bases, segundo se detalla a continuación:

Liña 1	Campionato ou copa do mundo	80 puntos ou máis	30.000,00 €
		De 71 a 79	20.000,00 €
		De 61 a 70	10.000,00 €
		60 puntos ou menos	5.000,00 €
	Campionato ou copa de Europa	80 puntos ou máis	20.000,00 €
		De 71 a 79	15.000,00 €
		De 61 a 70	8.000,00 €
		60 puntos ou menos	4.000,00 €
	Campionato ou copa de España	80 puntos ou máis	15.000,00 €
		De 71 a 79	10.000,00 €
		De 61 a 70	5.000,00 €
		60 puntos ou menos	3.000,00 €

Na liña 2 e 3, segundo a puntuación obtida nos criterios de valoración establecidos nestas bases, segundo se detalla a continuación:

Á liña 2 poderanse presentar as entidades deportivas sen ánimo de lucro para a realización de competicións e eventos deportivos de calquera ámbito. Para estas liñas só se poderá presentar unha solicitude por entidade.

Liña 2	a) 81 puntos ou máis	8.000,00 €
	b) De 71 a 80 puntos	6.000,00 €
	c) De 66 a 70 puntos	5.000,00 €
	d) De 61 a 65 puntos	4.000,00 €
	e) De 56 a 60 puntos	3.000,00 €
Liña 3	f) De 46 a 55 puntos	2.000,00 €
	g) De 41 a 45 puntos	1.500,00 €
	h) De 35 a 40	1.000,00 €
	i) Menos de 35 puntos	500,00 €

- a) En ningún caso o importe da axuda concedida mais o doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos poderá ser superior ao 80 % do custo das actuacións obxecto do proxecto subvencionado
- b) As entidades deportivas que presenten unha solicitude na liña 1 non poderán facelo nas liñas 2 e 3

12. Criterios de valoración

Indícanse, a continuación, os criterios que se empregarán para a valoración das solicitudes:

Criterios de valoración	Puntuación máxima
1. Orzamento de gastos subvencionables	45
2. Proxecto deportivo	55

- 1) Este apartado avalía as solicitudes con base no orzamento

Os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación do apartado de orzamento serán os seguintes:

Liña 1

Campións do mundo Campións de Europa	Máis de 200.000,00 €	45 puntos
	De 100.000,00 € a 200.000,00 €	25 puntos
	De 50.000,00 € a 100.000,00 €	15 puntos
	Menos de 50.000,00 €	1 punto
Campións de España	Máis de 100.000,00 €	45 puntos
	De 50.000,00 € a 100.000,00 €	25 puntos
	De 10.000,00 € a 50.000,00 €	15 puntos
	Menos de 10.000,00 €	1 punto

Liñas 2 e 3

Campionatos deportivos ou eventos	Máis de 60.000,00 €	45 puntos
	De 30.000,00 a 60.000,00 €	35 puntos
	De 20.000,00 a 30.000,00 €	30 puntos
	De 15.000,00 a 20.000,00 €	25 puntos
	De 10.000,00 a 15.000,00 €	20 puntos
	De 5000,00 a 10.000,00 €	15 puntos
	De 3000,00 a 5.000,00 €	10 puntos
	De 1500,00 a 3.000,00 €	5 puntos
	Menos de 1.5000,00 €	1 punto

2) Neste apartado avalíanse as solicitudes con base no proxecto deportivo

Os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación do nivel do apartado de proxecto deportivo serán os seguintes:

Campionato do mundo ou campionato de Europa

1) Número de países participantes no campionato

Máis de 10 países participantes	10 puntos
De 5 a 10 países	5 puntos
Menos de 5 países	1 punto

2) Número de deportistas ou equipos participantes no campionato

Máis de 20 deportistas ou de 10 equipos	10 puntos
De 10 a 20 deportistas ou de 4 a 10 equipos	5 puntos
Menos de 10 deportistas ou menos de 4 equipos	1 punto

3) Categoría do campionato

Categoría Absoluta	10 puntos
Previa á Absoluta	1 punto

4) Igualdade e integración do campionato

Neste apartado avaliarase a acción social do campionato ou evento deportivo para fomentar a igualdade e integración no deporte.

Campionato feminino ou para persoas con diversidade funcional	5 puntos
---	----------

Campionato feminino e masculino ou para persoas con diversidade funcional	3 puntos
---	----------

5) Tipo de modalidade deportiva do campionato

Deporte olímpico ou paralímpico	10 puntos
---------------------------------	-----------

Deporte non olímpico nin paralímpico	1 punto
--------------------------------------	---------

6) Promoción, difusión e proxección do campionato

Neste apartado valorarase o deseño e estratexia de promoción do campionato ou evento deportivo: a repercusión ou impacto do campionato ou evento nos distintos medios de comunicación (internacionais, nacionais, autonómicos ou locais) e a proxección do turismo activo e cultural a través do deporte.

Impacto alto	10 puntos
--------------	-----------

Impacto medio	5 puntos
---------------	----------

Impacto baixo	1 punto
---------------	---------

Campionato de España

1) Número de comunidades autónomas participantes no campionato

Máis de 8 comunidades autónomas	10 puntos
---------------------------------	-----------

De 4 a 7 comunidades autónomas.	5 puntos
---------------------------------	----------

Menos de 4 comunidades autónomas	1 punto
----------------------------------	---------

2) Número de deportistas ou equipos participantes no campionato

Máis de 20 deportistas ou 10 equipos	10 puntos
--------------------------------------	-----------

De 10 a 20 deportistas ou 4 a 10 equipos	5 puntos
--	----------

Menos de 10 deportistas ou menos de 4 equipos	1 punto
---	---------

3) Categoría do campionato

Categoría Absoluta	10 puntos
--------------------	-----------

Previa á Absoluta	1 punto
-------------------	---------

4) Igualdade e integración do campionato

Neste apartado avaliarase a acción social do campionato ou evento deportivo para fomentar a igualdade e integración no deporte.

Campionato feminino ou para persoas con diversidade funcional	5 puntos
---	----------

Campionato feminino e masculino ou para persoas con diversidade funcional	3 puntos
---	----------

5) Tipo de modalidade deportiva do campionato

Deporte olímpico ou paralímpico	10 puntos
Deporte non olímpico nin paralímpico	1 punto

6) Promoción, difusión e proxección do campionato

Neste apartado valorarase o deseño e estratexia de promoción do campionato ou evento deportivo: a repercusión ou impacto do campionato ou evento nos distintos medios de comunicación (internacionais, nacionais, autonómicos ou locais) e a proxección do turismo activo e cultural a través do deporte.

Impacto alto	10 puntos
Impacto medio	5 puntos
Impacto baixo	1 punto

Campionatos e eventos deportivos

1) Antigüidade

Máis de 20 anos	10 puntos
De 10 a 20 anos	5 puntos
Menos de 10 anos	1 punto

2) Categoría do campionato

Absoluta e previa á Absoluta	10 puntos
Só previa á Absoluta	5 puntos
Só Absoluta	1 punto

3) Igualdade e integración do campionato

Neste apartado avaliarase a acción social do campionato ou evento deportivo para fomentar a igualdade e integración no deporte.

Campionato feminino ou para persoas con diversidade funcional	5 puntos
Campionato feminino e masculino ou para persoas con diversidade funcional	3 puntos

4) Tipo de modalidade deportiva do campionato

Deporte olímpico ou paralímpico	10 puntos
Deporte non olímpico ou paralímpico de motor	8 puntos

Deporte non olímpico nin paralímpico	1 punto
--------------------------------------	---------

5) Promoción, difusión e proxección do campionato

Neste apartado valorarase o deseño e estratexia de promoción do campionato ou evento deportivo: a repercusión ou impacto do campionato ou evento nos distintos medios de comunicación (internacionais, nacionais, autonómicos ou locais) e a proxección do turismo activo e cultural a través do deporte.

Impacto alto	20 puntos
Impacto medio	10 puntos
Impacto baixo	1 punto

11. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Deportes, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos cales fará un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base décima, explicando o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Informe de fiscalización da Intervención.

Posteriormente a comisión de valoración das solicitudes de subvención realizará un estudo do informe-proposta do xefe do Servizo. Este órgano colexiado estará composto por:

- Presidenta ou presidente: o deputado delegado da área de Deportes ou a persoa a quen designe
- Vogais: dous membros do persoal técnico do Servizo de Deportes e un do Servizo de Intervención
- Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Deportes, que actuará sen voto

A comisión de valoración poderá:

- Obter cantos informes estime necesarios para resolver

- Emitir un informe das solicitudes de subvención

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente.

O acto de resolución do procedemento será obxecto de publicación no BOPPO e terá os efectos dunha notificación por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva (artigo 45 da LPACAP).

Transcorridos seis meses a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación de solicitudes sen notificar a resolución, as persoas interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada a solicitude de subvención por silencio administrativo.

12. Publicación de actos

Publicaranse no BOPPO as entidades incluídas e excluídas, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.

Así mesmo, publicaranse na páxina web da Deputación de Pontevedra.

13. Pagamento e xustificación

Unha vez publicada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade (ata o 31 de decembro de 2020), as entidades beneficiarias deberán xustificalas antes do 31 de marzo de 2021.

Para cobrar a subvención as entidades deberán presentar obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>, a seguinte documentación:

- a) Memoria xustificativa do campionato, copa ou evento deportivo asinada pola federación correspondente
- b) Conta xustificativa dos gastos na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de relevo que os gastos que figuran nela se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, e na que se indique que o resto dos xustificantes desa conta están á disposición da Deputación para o seu exame, tal

como se establece no artigo 24.1.B.f. da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra

- c) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total de cada unidade. Non se admitirán como xustificación as nóminas do persoal propio da entidade. Só se aceptarán as nóminas do persoal contratado especificamente para desenvolver a actividade subvencionada. As facturas presentadas para xustificar as subvencións con data posterior á finalización do prazo de xustificación non terán en ningún caso carácter de gasto subvencionable
- d) Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, cunha porcentaxe de desviación máxima, entre os distintos conceptos, do 20 %
- e) Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaráselles ás persoas beneficiarias preferiblemente antes da presentación da xustificación da subvención pero, en todo caso, no prazo máximo de 1 mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pago ou pago fóra deste prazo non se considerará subvencionable
- f) As persoas beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que se poidan acreditar mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). Só excepcionalmente se poderá empregar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, sempre que supere o importe de novecentos (900,00) euros
- g) Declaración de que non recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades persoais para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o 100 % do custo da finalidade subvencionada
- h) Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao día das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución provincial
- i) Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos

- j) Acreditar a debida difusión mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos do financiamento por parte da Deputación para esta actividade

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- Cando se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- Cando se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

14. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias das subvencións concedidas con cargo ao Orzamento provincial teñen as seguintes obrigas:

- a) Cumprir o obxectivo e realizar o proxecto subvencionado, de conformidade coa solicitude presentada e, no seu caso, co modificado coa autorización da Deputación de Pontevedra
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións de comprobación anteriores
- d) Dispoñer dos libros contables, os requisitos dilixenciados e os demais documentos nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso, así como de cantos estados contables e rexistros específicos se esixan nas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e de control
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e de control

- f) As persoas beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da LSG
- g) As entidades beneficiarias deberán incorporar a imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra en todas as actuacións de publicidade e difusión do campionato, tales como:
- Carteis oficiais
 - Camisetas
 - Dorsais
 - Tira publicitaria na páxina web do campionato ou evento deportivo
 - Material publicitario. Como mínimo colocaranse lonas ou bandeirolas da Deputación nun lugar preferente; este material poderá realizalo a entidade ou solicitarlo á Deputación a través do programa “DepoComparte”
 - Paneis traseiros utilizados para as roldas de prensa ou entregas de trofeos
 - Redes sociais; incluírase a etiqueta da Deputación nas publicacións do campionato ou evento deportivo

Os logotipos oficiais que se deben inserir están dispoñibles en www.depo.gal (área de descargas/imaxe institucional).

- h) As persoas beneficiarias quedan obrigadas a reintegrar, total ou parcialmente, o importe percibido pola subvención concedida, así como os correspondentes intereses de demora devengados desde o momento do pagamento, nos seguintes casos:
- Polo incumprimento dos compromisos e as obrigas relacionadas neste artigo
 - Pola obtención da subvención sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas para iso ou ocultación daquelas que o impedisen
 - Polo incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade ou do proxecto ou por non adoptar o comportamento que fundamentase a subvención
 - Por resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e de control financeiro, ou polo incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, ou polo incumprimento do obxectivo ou a concorrencia con outras axudas para a mesma finalidade percibidas de calquera administración ou ente público ou privado
 - Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención

15. Incumplimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que o club beneficiario presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

O feito de non presentar a documentación neste prazo supoñerá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

16. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán ser devoltas ou reintegradas, entre outros, polos seguintes motivos:

- Obtelas falseando as condicións requiridas
- Non aplicalas aos fins para os que foron concedidas
- Incumplir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

17. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2020 e cumprindo o establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

18. Normativa aplicable

As subvencións que outorgue a Deputación rexeranse pola seguinte normativa:

- LXS, nos artigos de carácter básico e na súa normativa básica de desenvolvemento
- LSG na súa normativa de desenvolvemento
- Artigos non básicos da LXS e a súa normativa básica de desenvolvemento
- Lexislación de réxime local, estatal e autonómico
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación
- Bases de execución do Orzamento
- Actos administrativos ditados polos distintos órganos da Deputación

19. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, no prazo de 1 mes, un recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditase, que se entenderá como desestimado se transcorre este período sen recibir contestación. Neste caso poderá interpoñerse no prazo de 2 meses un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Igualmente, contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.

En todos os casos os prazos contarán a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda como desestimado.

20. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitirase o texto da convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

21. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a entidade beneficiaria declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos, segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario

para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.